

OBRA: O sol do verán
AUTOR: Carlos Casares
EDITORIAL: Galaxia

Esta é a derradeira obra de Carlos Casares (Ourense, 1941- Vigo, 2002). Foi escritor, editor, ensaísta e catedrático de instituto. Colaborou con éxito en revistas-*Grial*- e en xornais, como *A Voz de Galicia*. Cultivou fundamentalmente a narrativa adulta e infantil. Deuse a coñecer con Vento Frito (1967), obra marcada pola violencia, monotonia, fatalismo e soidade. En Cambio de tres (1969) usa a técnica do monólogo interior, para falar sobre a emigración. Gañou o premio da Crítica da narrativa galega por tres obras: Xoquetes para un tempo prohibido (1975), por Deus sentado nun sillón azul (1996) e, en 2007, por O sol do verán.

Na narrativa infantil, poderíase destacar a obra teatral de As laranxas máis laranxas de todas as laranxas (1973) ou A galiña azul (1968).

O argumento da obra xira en torno á morte e ó amor: a repentina morte de Carlos, que se suicida ao día seguinte de confesar, despois de tantos anos, o seu amor pola protagonista, Helena.

A obra ten varios personaxes, pero destacan como protagonistas Helena, que conta a historia dende o momento no que morre Carlos e comparte todas as lembranzas dos veráns que pasaran xuntos dende que eran nenos. Entre eles foi crecendo un profundo amor, que non se demostraran ata a noite antes da morte de Carlos, o outro protagonista e que só aparece nas lembranzas da moza, pero a través destas analepses pódese coñecer perfectamente.

Tamén contan co seu protagonismo o pai de Carlos, Leopoldo, e a nai de Helena, Carmela. Ao final da novela sabemos da súa historia de amor cando eran novos, prohibida pola avoa Rafaela, nai dela. En certo modo, Helena e Carlos repíten esa historia.

Outros personaxes como os criados -Anselmo, Susa e Delfina-, tía Mercedes, Arturo... participan na historia e, aínda que non contan con grande protagonismo, fan que a novela adquira verosimilitude. Grazas a moitos dos datos que conta Helena, a narradora, podemos coñecer a psicoloxía de cada personaxe, os seus costumes, relacións, etc.

En canto aos temas presentes na obra, destaca sobre todo o amor. O autor transmite un tenro amor entre dous rapaces, que dende pequenos estiveron xuntos, que xogaban a moitas cousas, un amor que vai crecendo co paso dos anos, un amor silencioso e prohibido. Tamén, o amor como amizade, un sentimento moi forte que non todos conseguen descubrir, e que Helena pensaba que era iso o que sentía. Trátase igualmente o tema da morte, do suicidio de Carlos. Helena dende ese momento pretende atopar un "porqué", que o levou a desfacer e romper todo o seu mundo, o bonito mundo que crearan eles dous despois de todo o que viviran xuntos.

Incluso se podería destacar a ideoloxía do momento, sobre os anos 60: o pai de Helena era moi relixioso e pretendía que toda a familia o fose, ou cando a tía Mercedes lle dicía a Carmela que non parecía unha muller da época porque fumaba, xogaba cos rapaces...

A historia está contada por un narrador en primeira persoa, un narrador protagonista principal, interno na obra. Hai diversas intervencións en forma de diálogo que reproduce a narradora cando recorda o pasado.

O autor emprega un galego sinxelo e fácil de ler e comprender, incluso unha lingua moi familiar por veces.

Non podemos falar de linealidade no tempo, pero si ten linealidade no suceso, é dicir, dende a morte de Carlos ata dez días despois do enterro é o tempo da historia, e neste tempo real a obra está completa de analepses, lembranzas daquel pasado tan maravilloso dos dous rapaces, que lle van dando sentido á obra, a comprender os motivos que puideron levar a ese dramático desenlace.

Ten algunhas leves prolepses, por exemplo, cando Helena pensa en como reaccionará a nai cando cheguen xunta ela.

O espazo que aparece na obra é principalmente a casa de Beiro, o Carpazal e arredores desta, onde pasaban todos os veráns Helena e Carlos. Nestes lugares sitúanse practicamente todos os records, e tamén o presente da obra, onde residían Helena e o seu marido, Arturo. Tamén o suicidio de Carlos tivo lugar na casa.

Aparecen outros lugares para darlle movemento e credibilidade á obra: o colexio maior de Helena, a casa de Bóveda, a praia na que estiveran xuntos cando Carlos a levou en moto, a estrada pola que circulaban cara á cidade, Ourense, o lugar no que tiveron no coche a noite a noite antes da morte del, etc. E outros espazos xeográficos que se nomean: A Coruña, Madrid, París...

Os personaxes poderían ser todos reais, pois describíense perfectamente todos os lugares e personaxes. É unha descrición subxectiva, xa que é Helena a narradora e expresa o que ela sente hacia algo ou alguén; tamén ten dinamismo, a realidade aparece en movemento. Helena conta cousas da súa infancia con Carlos para familiarizármolos cos personaxes, detalles que apenas teñen maior relevancia na obra, son simplemente para que entendamos esa gran relación entre eles: a cabana, á que Carlos lle chamaba *wigwan*, o alcume de Periquita que lle puxera Carlos a Helena, cando xogaban a rescatar a Helena de Troia...

A estrutura da obra é complexa, e conta con dúas partes: o presente, que en realidade abrangue poucos días, dende a morte de Carlos ata dez días despois. A ese tempo pertence o primeiro e o noveno capítulo, o último, e con Helena pechada na biblioteca. E entre eses dous, os sete restantes constitúen outra parte, o pasado recente no que se ve a Helena e Arturo de camiño cara á casa dos pais dela para darlles a fumeστα noticia. Tras a decisión do personaxe sempre hai lembranzas do pasado máis lonxano e da súa vida con Carlos.

O libro comeza polo final da historia, "in media res", e vai collendo sentido ao longo da novela. Nas partes establecidas dentro da temporalidade da novela o pasado está sempre mesturado co presente nos mesmos capítulos.

Neste final poderíase sacar o motivo do título da novela, Helena di que non é capaz de mirar o sol despois da morte de Carlos, ese sol que todos os veráns lle traía a felicidade pero que xa nunca máis volverá a ser igual. Helena identifica a Carlos co sol.

É unha novela bonita, capaz de transmitir as emocións de cada personaxe e meternos na historia ata a fin.

Laura Darriba Barreiro, 1º E

